

CONCELLO DA LARACHA

SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 29 DE SETEMBRO DO ANO 2017

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 13 horas e 30 minutos do día 29 de setembro do ano 2017, baixo a Presidencia do sr. Alcalde e coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, réunese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este día.

PRESIDENTE (POR AUSENCIA DO ALCALDE)

JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO

CONCELLEIROS

Grupo político municipal P.P.

JESÚS SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA

MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOLÓN

ANA BELÉN RODRÍGUEZ VILAS

Grupo político municipal B.N.G.

XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

ELADIO VERDÍA GARCÍA

JUAN CAAMAÑO REGUEIRA

Grupo político municipal Mixto

Excusan a súa asistencia:

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN E PATRICIA MARÍA BELLO RECOUSO

*Asiste como secretaria a da Corporación, Cristina Castro Fuentes, que da fe do acto.
A continuación procédese ao exame dos asuntos comprendidos na
ORDE DO DÍA.*

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS DE 28.07.2017 E DE 31.08.2017

Non habendo alegacións resultan aprobadas as actas das sesións plenarias de 28.07.2017 e 31.08.2017

2º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA(DA 2017/G003/00612-2017/G003/000815)

Non se producen intervencións

3º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO MADRUGADORES DENTRO DO PROXECTO HARMONIZA DA CONCELLERÍA DE SERVIZOS SOCIAIS

En sesión celebrada o día 25 de setembro de 2017 ditáminouse favorablemente a seguinte proposta

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o día 20 de xullo de 2017 ditaminou favorablemente a seguinte proposta:

É a Lei de 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e á convivencia de Galicia a que regula a materia de conciliación laboral e familiar e todas as medidas que debe de levar a cabo a administración para favorecer esta

O apoio á familia e aos núcleos de convivencia debe responder necesariamente á complexidade de a nosa sociedade e debe dar solución ás diferentes situacións que impidan ou dificultan tanto a formación e constitución de novas familias ou grupos estables de convivencia como o desenvolvemento integral das xa constituídas.

A protección das familias que impón a Constitución aos poderes públicos non so alcanza as situacións nas que ten intervir a administración por mandato legal, sino tamén o desenvolvemento de políticas de benestar que favorezan e garantan ao conxunto das e dos menores un nivel de vida digno.

Esta lei ten como obxecto recoñecer á familia como estrutura básica da sociedade e ámbito natural de desenvolvemento da persoa, regulando a obriga que os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia teñen de apoiar e protexer ás familias e ós seus membros, e, en especial, aos nenos e nenas e adolescentes.

A concellería de servizos sociais do Concello da Laracha, ampliando o seu programa de conciliación da vida laboral e familiar, ten intención de promover un servizo de “madrugadores” para atender aos rapaces cuxas familias no poden adecuar os seus horarios aos lectivos, ampliando, sempre que a Consellería de Educación o autorice, a apertura dos centros CEIP Otero Pedrayo, CEIP Alfredo Brañas e CEIP de Caión, durante os días lectivos establecidos polo calendario escolar, para atender ó alumnado menor de 12 anos (de entre 3 e 12 anos).

Entendemos que se trata dunha competencia propia en base a un programa de atención á familia (execución de programas e proxectos destinados á atención á familia- art 8.2b) que se inicia dende o Departamento de Servizos Sociais e xa se presta na actualidade (a atención á familia) como forma de conciliación da vida laboral e familiar a través da aula lúdica

Por este motivo preséntase ante o Pleno da Corporación esta proposta de alcaldía de aprobación inicial da Ordenanza reguladora do servizo madrugadores dentro do proxecto Harmoniza da Concellería de Servizos Sociais

Segundo consta en informe de Secretaría de 17 de xullo de 2017 o procedemento a seguir conforme o

disposto no art. 49 da LBRL é:

- a. *Aprobación inicial por el Pleno de la Corporación.*
- b. *Información pública y audiencia a los interesados por plazo mínimo de treinta días para la presentación de reclamaciones y sugerencias.*
- c. *Resolución de todas las reclamaciones y sugerencias presentadas dentro de plazo y aprobación definitiva por el Pleno.*

En el caso de que no se hubiese presentado ninguna reclamación o sugerencia, se entenderá definitivamente adoptado el acuerdo hasta entonces provisional

Sometido este ditame á consideración do Pleno, resultou aprobado o acordo cos votos a favor do PP, BNG e Grupo Mixto e duas abstencións do PSOE.

Sometida a ordenanza a exposición pública por período de 30 días hábiles presentáronse dúas alegacións.

Unha do BNG o 07/08/2017 co nº 4134 RE e outra presentada polo Grupo municipal socialista o 01.09.2017 co RE 4575

Consta no expediente informe da Concelleira de Servizos Sociais que copiado literalmente di:

“INFORME DA CONCELLERÍA DE SERVIZOS SOCIAIS ÁS ALEGACIÓNS PRESENTADAS:

CONTESTACIÓN ALEGACIÓN BNG:

- 1.- *Na actualidade non existe demanda do servizo Madrugadores na escola Unitaria de Montemaioir.*
- 2.- *Resulta máis vantaxoso economicamente para as familias usuarias pagar o mes completo que pagar 16 ou 17 días soltos ao mes, debido a que se pretende primar a aquelas familias que utilicen o servizo diariamente fronte aos/as usuarios/as de días soltos ou ocasionais.*
Contando que ao mes a media de días de servizo son 20, o día 13 supón o 65% de días de utilización do servizo.

CONTESTACIÓN ALEGACIÓN PSOE:

- 1ª- *Os/as camareiros/as deberán posuír o carné de manipulador de alimentos, igual que o monitorado.*
- 2ª- *A persoa responsable de coordinar ao monitorado establece que deberá ter **como mínimo** a mesma titulación que a esixida ao monitorado. Ademais deste persoal a técnica do Concello da Laracha responsable do Programa Harmoniza, técnica con titulación superior (Grupo A1), realizará as tarefas de coordinación coa empresa concesionaria.*
- 3ª- *No suposto de ter un alumno/a con necesidades educativas especiais ou diversidade funcional existirá un/unha **monitor/a de apoio especializado/a**. De todos os xeitos a integración de nenos e nenas con diversidade funcional estará supeditado ao número de monitores/as especializados que se inclúan no prego de condicións coa empresa concesionaria do servizo e establecerase en función da demanda real para cada curso. Todo isto co obxectivo de poder prestar un servizo adecuado as necesidades dos/as usuarios/as.*
- 4ª- *Resulta máis vantaxoso economicamente para as familias usuarias pagar o mes completo que pagar 16 ou 17 días soltos ao mes, debido a que se pretende primar a aquelas familias que utilicen o servizo diariamente fronte aos/as usuarios/as de días soltos ou ocasionais.*

Contando que ao mes a media de días de servizo son 20, o día 13 supón o 65% de días de utilización do servizo.

5ª- Na actualidade non existe demanda do servizo Madrugadores na escola Unitaria de Montemaior.

6ª- O proxecto Madrugadores é unha medida de apoio á conciliación da vida persoal, familiar e laboral, incluída dentro do Programa Harmoniza, que ten como obxectivo principal responder ás necesidades das familias derivadas das dificultades que presentan para poder compatibilizar os seus horarios laborais cos horarios escolares das súas fillas e fillos. Motivo polo cal, rematado o prazo de recepción de solicitudes para o servizo Madrugadores, **no suposto de que haxa máis solicitudes que prazas, a selección das persoas participantes efectuarase en función das necesidades de conciliación mediante a que se avaliarán en primeiro lugar as circunstancias laborais da unidade familiar, e a continuación outras situacións sociofamiliares e persoais que precisen dunha medida de apoio á conciliación da vida persoal, familiar e laboral**, avalados mediante informe do dpto. de Servizos Sociais.

As persoas usuarias poderán acollerse á redución do prezo das cotas fixadas en concepto de prezos públicos segundo baremo establecido como Anexo I, mediante o que se avaliará a situación sociofamiliar, laboral-familiar, económica e a permanencia no programa. No citado baremo de aplicación ás solicitudes para a redución da cota establecida, no apartado que valora a situación laboral e familiar establécese unha puntuación de 5 puntos cando os dous proxenitores xustifiquen estar en situación de desemprego sen prestación económica. Todo isto porque pensamos que as persoas en situación de desemprego poden ter igualmente necesidades de conciliación ben para poder realizar unha búsqueda activa de emprego ou ben para necesitar formación para o emprego, co agravante que non teñen dispoñibilidade económica para poder facer fronte ás tarifas fixadas pola utilización do servizo Madrugadores.

Con respecto a afirmación de que non se trata de que as familias se desentendan dos seus fillos e fillas, en ningún momento pensamos que as familias da Laracha usuarias do servizo Madrugadores pretendan desentenderse das súas fillas e fillos por utilizar un servizo de conciliación. Polo que tal afirmación parécenos totalmente fóra de lugar, irresponsable e irrespetuosa cara ás familias.

7ª- A comisión de baremación establecida está constituída por persoal técnico dos centros escolares e municipais, en aras dunha maior transparencia.

MODIFICACIÓN DO TEXTO DA ORDENANZA NO SEU ARTIGO 3.3

Contémplase a modificación do texto da Ordenanza nesta fase para a súa aprobación definitiva coa modificación seguinte:

- No suposto de ter un alumno/a con necesidades educativas especiais ou diversidade funcional e como consecuencia dunha valoración técnica municipal, existirá un/unha monitor/a de apoio especializado/a. Non entanto, a integración de nenos/as con diversidade funcional estará supeditado para cada curso escolar á existencia de persoal cualificado e en número suficiente. Aínda así, solicitarase informe médico que acredite o nivel de autonomía e así poder valorar a posibilidade de integralo no programa.”

Con base no anterior propoño ao Pleno:

1º.- Desestimar as alegacións presentadas por BNG o 07/08/2017 co nº 4134 RE e a presentada polo Grupo municipal socialista o 01.09.2017 co RE 4575

2º.- Estimar a modificación proposta pola concelleira de servizos Sociais.

A Concelleira de servizos Sociais Rocío López Rey presenta a seguinte enmenda:

“Celebrada xa a Comisión Informativa detectouse por parte da Concellería de Servizos Sociais que era imprescindible antes da aprobación definitiva e da entrada en vigor da Ordenanza corrixir dúas cousas mais

En el art. 8: Cotas, apartado 2, donde dice: " Sobre as devanditas cotas, os usuarios tan só deberán aboar o 70% da súa contía, atopándose o importe restante subvencionado, en todo caso, polo Concello da Laracha" e " As devanditas cotas corresponden ao 70% da contía total do custo do servizo, atopándose o 30% restante subvencionado, en todo caso, polo Concello da Laracha".

Proponse a corrección polo seguinte:

" Sobre as cotas fixadas en concepto de prezos públicos, os usuarios/as deberán aboar as seguintes porcentaxes segundo o seguinte:

- Nº de usuarios/as do servizo ata 25 alumnos/as: o 60% da contía total do custo do servizo.

- Nº de usuarios/as do servizo a partir de 26 alumnos/as: o 70% da contía total do custo do servizo.

Atopándose o importe restante subvencionado, en todo caso, polo Concello da Laracha".

En el art. 8: Cotas, apartado 3, donde dice: "Os usuarios deberán aboar o servizo por adiantado e mediante domiciliación bancaria á empresa contratista do Concello, dentro dos cinco primeiros días naturais de cada mes. A falta de pagamento dun recibo significará a baixa automática do servizo".

Proponse a corrección polo seguinte:

"Os usuarios deberán aboar o servizo a mes vencido e mediante domiciliación bancaria, á empresa contratista do Concello, dentro dos cinco primeiros días naturais do mes seguinte. A falta de pagamento dun recibo significará a baixa automática do servizo".

Así, tendo en conta o ditaminado pola Comisión informativa e as necesidades existentes de corrección do artigo 8 parágrafos 2 e 3 no referido o pago do servizo

PRESENTAMOS A SEGUINTE ENMENDA:

1º.- Desestimar as alegacións presentadas por BNG o 07/08/2017 co nº 4134 RE e a presentada polo Grupo municipal socialista o 01.09.2017 co RE 4575

2º.- Estimar as dúas modificacións propostas pola concelleira de servizos Sociais”.

Sométese a votación ó non haber intervencións en primeiro lugar a enmenda resultando aprobada por unanimidade. Por este motivo xa non se vota o ditame.

Así, aprobada a enmenda, o texto definitivo da Ordenanza reguladora queda do seguinte xeito:

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO MADRUGADORES DENTRO DO PROXECTO HARMONIZA DA CONCELLERÍA DE SERVIZOS SOCIAIS - TEXTO DEFINITIVO

1.- Obxecto.

1.- O Proxecto Madrugadores é unha medida de conciliación, incluído dentro do Programa Harmoniza xunto co proxecto Aula Lúdica de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

2.- O proxecto ten como obxectivo principal responder ás necesidades das familias derivadas das dificultades que presentan para poder compatibilizar os seus horarios laborais cos horarios escolares das súas fillas e fillos, garantindo a atención das/os menores por persoal cualificado antes do inicio do horario escolar, onde realizan actividades lúdicas e educativas e teñen a posibilidade de recibir un almorzo equilibrado.

2.- Prestación do servizo.

1.- O servizo prestarase de luns a venres, en días lectivos, nos centros de educación infantil e primaria do municipio da Laracha:

- CEIP Otero Pedrayo.
- CEIP Alfredo Brañas.
- CEIP de Caión.

2.- O horario de prestación do servizo será desde as 7:00 horas, coa apertura do centro educativo, e rematará co comezo do horario escolar establecido en cada centro. Pódense establecer, dentro deste horario, diferentes quendas de entrada.

3.- Prestarase o servizo durante os períodos de vacacións escolares, previa solicitude. O servizo prestarao a empresa concesionaria do mesmo na Aula Lúdica, de 7:00 a 9:00 e estará dirixido exclusivamente aos/ás nenos e nenas usuarios/as da Aula Lúdica.

4.- Para a posta en marcha do servizo durante as vacacións escolares é necesario contar con un mínimo de 15 usuarios/as fixos/as con almorzo.

5.- O número de alumnos/as por grupo en cada centro educativo durante o período escolar será de 15 como mínimo no CEIP Otero Pedrayo, 10 no CEIP Alfredo Brañas e 6 no CEIP de Caión, na modalidade de usuario/a fixo/a.

6.- O número máximo de prazas dispoñibles para cada centro farase público no momento da apertura do prazo de inscrición e establecerase en función da demanda real para cada curso, limitado polo espazo que cada centro destine para acoller ao alumnado e realizar as diversas actividades e polo orzamento total destinado ao proxecto.

7.- O Concello resérvase o dereito a anular a posta en marcha do servizo se non se supera o número mínimo de usuarios/as.

3.- Servizos que comprende:

1.- Servizo de acollida e vixilancia dos/as escolares participantes. Tarefas:

- Apertura do centro educativo ás 7:00
- Recepción e control da chegada dos escolares ao centro educativo.
- Vixilancia e protección dos escolares antes do inicio das clases.
- Realización de actividades sobre hábitos sociais, educación para a saúde, educación para a convivencia, educación para a igualdade, coeducación, actividades motrices, animación á lectura...

2.- Servizo de almorzo.

3.- Persoal:

- Monitores/as coas seguintes ratios:

- Un/unha monitor/a por cada grupo de ate 15 alumnos/as.
- Dous/dúas monitores/as por cada grupo de ata 26 alumnos/as.
- Tres monitores/as por cada grupo de 27 a 40 alumnos/as.
- Catro monitores/as por cada grupo de 41 a 65 alumnos/as
- Todo o monitorado deberá contar con titulación mínima de de monitor/a de Tempo Libre ou similar. E posuír o carnet de manipulador de alimentos.
- O monitorado atenderá ao alumnado e deberán garantir os hábitos de hixiene e facerlles un seguimento especial ás nenas e nenos de menor idade ou con dificultades. Ademais de realizar actividades de lecer e tempo libre e educativas. Así como deixarán limpo o local destinado ao servizo así como os espazos que ceda o centro para a realización das actividades complementarias. Serán o vínculo entre o alumnado e as nais, pais ou titoras e titores ou representantes legais.

- Camareiros/as coas seguintes ratios.

- Un/unha por cada grupo de 15 a 35.
- Dous/dúas por cada grupo de 36 a 71.
- Os/as camareiros/as estarán a maiores do monitorado, sempre e cando haxa o número mínimo de solicitantes con almorzo para poñelo en marcha.
- Os/as camareiros/as deberán ter o carnet de manipulador de alimentos.

- Un/unha coordinador/a do programa.

- Deberá ter a mesma titulación (como mínimo) que a esixida ao monitorado.
- Deberá coordinar ao monitorado, polo que rotará polos centros escolares onde se leve a cabo o programa e manterá reunións periódicas co persoal municipal.

- No suposto de ter un alumno/a con necesidades educativas especiais ou diversidade funcional e como consecuencia dunha valoración técnica municipal, existirá un/unha monitor/a de apoio especializado/a. Non entanto, a integración de nenos/as con diversidade funcional estará supeditado para cada curso escolar á existencia de persoal cualificado e en número suficiente. Aínda así, solicitarase informe médico que acredite o nivel de autonomía e así poder valorar a posibilidade de integralo no programa.

4.- Modalidade de usuarias/os.

a) *Usuario/a fixo/a:* Corresponde a aquel alumnado que se matricula no servizo durante todo o curso escolar ben sexa en mes completo ou días soltos. Pódese dar de alta no momento da matrícula ou, de haber prazas vacantes, con posterioridade. Para cursar a baixa, alta ou modificación da modalidade no servizo deberá ser notificada por escrito nas oficinas municipais antes do día 22 do mes anterior.

b) *Usuario/a ocasional:* Corresponde a aquel alumnado que, habendo prazas dispoñibles, desexe utilizar o servizo ocasionalmente, previa matrícula no concello. Os usos ocasionais deberán comunicarse previamente pola persoa solicitante á empresa contratista polo menos con 24 horas de antelación, sen prexuízo da utilización do servizo sen preaviso naqueles casos debidamente xustificados pola familia.

5.- Requisitos dos beneficiarios:

- Estar matriculado nun centro escolar de Educación Infantil e Primaria do concello da Laracha no que se poña en funcionamento o servizo.

6.- Tramitación de acceso ao servizo.

1.- O servizo será prestado polo concello da Laracha a instancia das persoas interesadas.

2.- A solicitude de admisión realizarase no concello da Laracha no período de inscrición.

3.- Prazo de inscrición: desde o inicio do período de inscrición do curso escolar ata o 31 de agosto. Aínda que no curso escolar coincidente coa posta en marcha do servizo os prazos de inscrición poden ser variados segundo a data de inicio do servizo.

Para tal efecto, rematado o prazo de recepción de solicitudes procederase ao exame da documentación presentada e no suposto de que se presentasen máis solicitudes que prazas, a selección dos participantes efectuarase en función das necesidades de conciliación, mediante o que se avaliarán en primeiro lugar as circunstancias laborais da unidade familiar e a continuación outras situacións sociofamiliares e persoais que precisen dunha medida de apoio á conciliación da vida persoal, familiar e laboral, avaladas mediante informe do departamento de servizos sociais.

No obstante poderán presentarse solicitudes con posterioridade, durante a duración do curso escolar, tendo en conta que, no suposto de que o grupo xa contara co máximo de alumnos/as, o solicitante sería incluído na lista de espera.

4.- As persoas usuarias poderán acollerse á redución do prezo das cotas fixadas en concepto de prezos públicos segundo o baremo establecido no anexo 1, mediante os que se avaliará a situación sociofamiliar, laboral – familiar, económica e a permanencia no programa no curso anterior.

5.- As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello segundo o modelo establecido, achegando fotocopia da seguinte documentación debidamente compulsada:

a) Resgardo da matrícula escolar.

b) Libro de familia.

c) DNI dos proxenitores.

d) Aqueles usuarios/as que teñan problemas alimentarios ou outros que sexa necesario ter coñecemento dos mesmos por parte do concello da Laracha, achegarán informe médico onde se recollan.

e) Certificado de discapacidade do participante e informe médico, se é o caso.

f) Vida laboral do pai, nai e/ou titor/a legal.

g) Informe do departamento de servizos sociais, se procede

Aqueles usuarios que se acollan á redución nos prezos establecidos deberán achegar ademais a seguinte documentación segundo o caso, debidamente compulsada:

h) Título de familia numerosa, de ser o caso.

i) Sentenza de separación, divorcio, viudedade, de ser o caso

j) Xustificación de ingresos económicos. Autorización asinada para que o concello solicite os datos da renda á Axencia Tributaria, segundo modelo normalizado. Xunto coas nómina da empresa liquidadas no ano que corresponda coa data da solicitude.

k) Tarxeta de demanda de emprego e certificado do SEPE sobre a percepción de prestación e cuantía da mesma, se é o caso.

- l) Acreditación da condición de vítima de violencia de xénero, se procede, mediante algún dos documentos seguintes:
- 1º. Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
 - 2º. Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia de xénero
 - 3º. Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia dos ditos indicios.
 - 4º. Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local en que se recolla a dita condición de vítima de violencia de xénero.
 - 6º. Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local en que se recolla a dita condición de vítima de violencia de xénero.
- m) Outra documentación, se procede, nos que consten incidencias familiares, económicas e sociais puntuábeis no baremo.

7.- Comisión de baremación

A todas as solicitudes recibidas aplicarase un procedemento de estimación. Para tal fin constituirase una comisión de seguimento composta por:

- A Concelleira de Servizos Sociais, Sanidade, Muller, Emprego e Promoción Económica
- O/A Director/a do Centro Escolar de Educación Infantil e Primaria correspondente.
- Unha técnica do departamento de Servizos Sociais.
- A técnica responsable do Programa Harmoniza.

Os acordos tomaranse por maioría simple. Terán preferencia na adxudicación de praza os/as usuarios/as fixos/as.

8.- Cotas.

1.- As cotas fixadas en concepto de prezos públicos, valoradas en función dos custos dos servizos recibidos, serán as que se determinen con arranxo á Ordenanza reguladora de prezos públicos para este servizo, que distinguirá

A.- Usuarios/as fixos:

a) Con utilización do servizo mes completo:

Servizo con almorzo

Servizo sen almorzo

b) Con utilización do servizo por días soltos

Servizo con almorzo

Servizo sen almorzo

B.- Usuarios/as ocasionais:

Servizo con almorzo

Servizo sen almorzo

2.- " Sobre as cotas fixadas en concepto de prezos públicos, os usuarios/as deberán aboar as seguintes porcentaxes segundo o seguinte:

- Nº de usuarios/as do servizo ata 25 alumnos/as: o 60% da contía total do custo do servizo.
- Nº de usuarios/as do servizo a partir de 26 alumnos/as: o 70% da contía total do custo do servizo.

Atopándose o importe restante subvencionado, en todo caso, polo Concello da Laracha".

3.- Os usuarios deberán aboar o servizo a mes vencido e mediante domiciliación bancaria, á empresa contratista do Concello, dentro dos cinco primeiros días naturais do mes seguinte. A falta de pagamento dun recibo significará a baixa automática do servizo

Na modalidade de usuario/a ocasional, avisarase á empresa contratista polo menos con 24 horas de antelación, sen prexuízo da utilización do servizo sen preaviso naqueles casos que xustificadamente o soliciten as familias. Nesta modalidade as persoas usuarias aboarán o servizo baixo as condicións da empresa contratista.

4.- A alta, baixa ou modificación da modalidade de utilización do servizo deberá ser notificada por escrito ao Concello da Laracha antes do día 22 do mes anterior, en caso contrario deberase aboar a mensualidade correspondente. Se a incorporación faise unha vez comezado o mes, aboarase o mes completo.

5.- Os/as usuarios/as fixos poderán acollerse á aplicación das reducións de prezos segundo o recollido no Anexo I.

6.- Os días soltos contabilizaranse ata 12 días, a partir do 13º día cobrarase o mes completo.

9.- Extinción do servizo.

1.- Serán causa de baixa no servizo:

a) O incumprimento dos requisitos establecidos

b) A solicitude dos proxenitores ou representantes legais.

c) A falta de pagamento da cota establecida.

d) A comprobación das de falsidade nos documentos ou datos achegados.

e) A falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada.

f) A falta de cumprimento da obriga da posta en coñecemento ao concello da modificación sobrevida das circunstancias que deran lugar á redución da cota establecida.

ANEXO I

1.- Baremo de aplicación ás solicitudes de admisión no proxecto Madrugadores para a redución da cota establecida:

1.- Situación socio – familiar

- Mulleres vítimas de violencia de xénero

5 puntos

- Familia monoparental

4 puntos

- Familia numerosa

3 puntos

- Dous ou máis usuarios do mesmo núcleo familiar

2 puntos

- Calquera outra situación socio – familiar susceptible de valoración

1 punto

2.- Situación laboral – familiar

- Familia monoparental ou monomarental en situación de desemprego

- Sen prestación económica

5 puntos

- Con prestación económica

3 puntos

- Os dous proxenitores en situación de desemprego

- Sen prestación económica

5 puntos

- Con prestación económica

3 puntos

- Un dos proxenitores en situación de desemprego

- Sen prestación económica

3 puntos

- Con prestación económica

1 punto

3.- Situación económica dos membros da unidade familiar

- Rpc mensual menor ou igual ao 75% do IPREM

5 puntos

- Rpc mensual menor ou igual ao 125% do IPREM

4 puntos

- Rpc mensual menor ou igual ao 175% do IPREM

3 puntos

- Rpc mensual superior ao 175% do IPREM

2 puntos

4.- Permanencia no programa

- Por permanencia do/a alumno/a no programa no curso anterior (todos os meses e días de duración do programa)

2 puntos

2.- Segundo as circunstancias da unidade familiar anteriormente enumeradas, a suma dos seus puntos determinará a redución aplicable, segundo a táboa seguinte:

- De 15 puntos en adiante:

Redución do 50% das cotas

- De 10 a 15 puntos:

Redución do 25% das cotas

- Menos de 10 puntos:

Se dereito a redución

3.- As persoas usuarias que presenten documentación tendente á aplicación da redución das cotas recollidas no parágrafo anterior deberán informar ao Concello, no prazo de 15 días hábiles desde a data en que se produza, da modificación de calquera das circunstancias que xustificasen a aplicación dos devanditos beneficios. O

incumprimento desta obriga suporá, ademais da esixibilidade das cotas que indebidamente deixaron de satisfacer, a inmediata baixa no servizo do/a usuario/a, e a prohibición de solicitalo por un período dun exercicio.

4.- As reducións na cota non serán aplicables, en ningún caso, aos usuarios ocasionais.

5.- Estas reducións aplícanse sobre os prezos que deban aboar os/as usuarios/as, é dicir, resulta en todo caso, compatible coa subvención aos mesmos con cargo ao Concello

6.- Enténdese por unidade familiar o conxunto de persoas que convivan no mesmo marco físico e se atopen vinculadas por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal e/ou de parentesco ou as unidades de convivencia cando constitúan núcleos estables de vida en común

7.- Enténdese por familia monoparental ou monomarental,, o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor non contribúa economicamente ao seu sustento.

Entrada en vigor

Conforme o establecido no artigo 49 da LBRL, o procedemento para a aprobación desta Ordenanza será

a) Aprobación inicial polo Pleno.

b) Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.

c) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas, de ser o caso, dentro de prazo e aprobación definitiva polo Pleno. De non habelas entenderase elevada a definitiva a aprobación ata entón provisional

4º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS RELATIVA A DESIGNACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS PARA O 2018

A secretaria da lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada en sesión de 25 de setembro de 2017:

A Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria remitiu a este Concello da Laracha as instrucións sobre o asunto calendario laboral 2018 o día 13 de setembro de 2017 co nº 4800 de RE

Con base no anterior propoño ao Pleno que para o ano 2018 os festivos locais no termo municipal da Laracha sexan o martes 13 de febreiro de 2018 (Entroido) e o día 16 de agosto de 2018

Sométese o ditame a votación resultando aprobado por unanimidade dos membros presentes

5º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS SOBRE MODIFICACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DE PLENO ORDINARIO

A CI de Asuntos Xerais celebrada o día 25 de setembro de 2018 ditaminou favorablemente o seguinte:

Cita o artigo 23 do Regulamento Orgánico do Concello da Laracha que o Pleno celebrará sesión ordinaria coa periodicidade que determine o propio pleno a proposta do Alcalde.

Con base no anterior o Pleno acordou na sesión de organización do art 38 do ROF que o Pleno do Concello de Laracha celebraría sesión ordinaria os últimos venres de cada mes impar.

Na actualidade ostento a condición de alcalde do Concello da Laracha e deputado da Excm. Deputación da Coruña. Nese organismo celébrase sesión ordinaria de pleno os últimos venres de mes.

Esta coincidencia conleva que un venres de cada oito coincide a data de celebración.

*É a miña obriga asistir ás sesións de pleno do Concello da Laracha, as cales presido.
É o meu deber asistir ás sesión do Pleno da excma. Deputación provincial da Coruña.
Por este motivo propono ao Pleno unha modificación na data de periodicidade das sesións plenarias ordinarias pasando a celebrarse estas o último xoves de cada mes impar as 13:30h*

O portavoz do Grupo Mixto Sr. Antelo Añón di que é unha demanda que os Plenos se celebren polas tardes e que esta era unha boa oportunidade.

O portavoz do PSOE Sr. Verdía García di que sería importante que se fixeran as celebracións dos órganos colexiados en sesión de tarde. Que vaise abster.

O portavoz do BNG Sr. Sande Muñiz comunica que vaise abster na votación. Di que leva 20 anos intentando que as sesións se celebren de tarde.

Intervén que ostenta a presidencia da sesión Sr. Martínez Barbeito e di que ás 13:30h é unha hora na que a maioría da xente pode asistir e o cambio a xoves é simplemente por necesidade.

Sométese a votación o ditame resultando aprobado por 10 votos a favor do PP, 3 abstencións (2 do PSOE e 1 do BNG) e 1 en contra (do Grupo Mixto)

6º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS SOBRE DESIGNACIÓN DA COMISIÓN PARA O DESLINDE ENTRE O CONCELLO DA LARACHA E O CONCELLO DE CULLEREDO

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Concello da Laracha ditaminou, en sesión celebrada o día 25 de setembro de 2017 o seguinte:

“É intención do concello levar a cabo o reinicio dos traballos de deslinde de término municipal co Concello de Culleredo.

Segundo establece o artigo 42 da Lei de Administración Local de Galicia:

1. Para la demarcación, deslinde y amojonamiento de los términos municipales, cada uno de los Ayuntamientos a que afecte la línea divisoria nombrará una Comisión compuesta por el Alcalde y tres Concejales, los cuales, con el Secretario de la Corporación y el perito que designe cada Ayuntamiento, verificarán la operación de que se trate.

2. Unicamente asistirán al acto, por cada municipio, además de los miembros de la citada Comisión, dos personas que por su edad y acreditado juicio puedan justificar el sitio en que estuvieron los mojones o señales divisorias y los propietarios de los terrenos afectados por el deslinde.

Con base no anterior propono ao Pleno do concello a designación da seguinte Comisión:

José Manuel López Varela – alcalde do Concello da Laracha.

Jesús Souto Pena- concelleiro do Concello da Laracha

Alberto Fuentes Prego- concelleiro do Concello da Laracha

Ramiro Bello Recouso – concelleiro do Concello da Laracha

Perito: Manuela Cajide Seijas: Arquitecta Técnico municipal do Concello da Laracha

Perito: José Manuel García Pedreira, Enxeñeiro Agrónomo en calidade de perito asesor e o obxecto de verificar as operacións

As dúas persoas que pola súa idade e acrereditado xuízo poden acreditar os sitios onde estiveron os marcos ou sinais divisorias serán:

Eduardo Lois Bocija: 32330115G José Manuel Iglesias Rodríguez: 76342343F”

Non habendo intervencións, sométese o ditame a votación resultando aprobado por 10 votos a favor do PP e 4 abstencións (2 do PSOE, 1 do BNG e 1 do Grupo Mixto)

7º.- DITAME DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE 2016

Dase lectura ao ditame da Comisión Especial de Contas que di:

PROPOSTA PLENO

Vista a Conta Xeral do exercicio 2016, xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.

Visto o informe de Intervención emitido sobre ela de data 21.06.2017, e o Dictame favorable da Comisión Especial de Contas sobre a Conta Xeral 2016.

Visto que a mesma dende o 21 de Xullo expúxose ao público durante 15 días máis oito para que puidesen presentarse reclamacións, reparos ou observacións, e que non se formularon reclamacións.

De conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao Pleno, a adopción do seguinte:

PROPOÑO AO PLENO

PRIMEIRO. Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2016 do Concello de A Laracha .

SEGUNDO. Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

O portavoz do BNG SR. Sande Muñiz dice que vai facer unha valoración política, non técnica.

Alega que o 90% dos seguros do concello páganse á empresa do irmá do alcalde e por ese motivo vai votar en contra.

Contéstalle o Sr. Martínez Barbeito que a Conta Xeral vai en plazo e por iso felicita aos Servizos de Intervención. Di tamén que non houbo ningún reparo. Explica o Sr. Martínez Barbeito que aprobouse no seu día un proceso de licitación para contratar os RC dos seguros. Pero que houbo que separar por ramas de actividade e quedou aí.

Sométese a conta Xeral a votación resultando aprobada por 10 votos a favor do PP, 3 abstencións (2 do PSOE e 1 do Grupo Mixto) e 1 voto en contra do BNG.

8º.- MOCIÓNS DE URXENCIA

1º.- O portavoz do PSOE presenta unha moción de urxencia que ten rexistro de entrada no concello o día 27 de setembro de 2017 co nº 5193.

Procede o portavoz á lectura íntegra da moción, aos efectos de xustificar a urxencia

A proposta de acordó que plantexa a moción é:

Sumarnos as reivindicación das Organización Sindicais CCOO e UXT e apoiar as marchas promovidas por estas organizacións cando atravesen o noso Concello en defensa dun sistema público de pensións que garantice o mantemento do contrato social inherente ó noso sistema de pensións públicas.

Así mesmo trasladar ó goberno, grupos parlamentarios e interlocutores sociais, a necesidade de recuperar os mecanimos do goberno participando do sistema público de pensións, a través, do Diálogo Social e no marco configurado no Pacto de Toledo.

Rematada a lectura sométese a votación a urxencia resultando aprobada por 10 votos a favor do PP+2 do PSOE+1 do Grupo Mixto.

O BNG vota abstención (1)

Iniciado o debate o Sr. Martínez Barbeito plantexa a presentación dunha enmenda que copiada di:

O sistema da Seguridade Social é perfectamente viable. O goberno do Estado traballou e seguirá traballando na aprobación de todas as reformas necesarias para seguir garantindo esa viabilidade. Desde a lexitimidade do Pacto de Toledo xa se teñen aprobado reformas de calado que van desde a mellora da recadación ata unha ampliación da capacidade protectora do sistema.

O Goberno fíxose eco da realidade con total transparencia: a existencia dun importante déficit no segmento contributivo da Seguridade Social no que se encadran as pensións, algo que todos debemos coñecer e combater. O relato desta realidade non significa, de ningún modo, que se culpabilice ós cidadáns desta situación ou que se promova a debilidade do sistema. Todo o contrario: só a partir dunha información veraz poden atoparse medidas eficaces que cambien a situación.

Nunca insinuamos que a responsabilidade da situación sexa dos traballadores, nin de forma sutil nin de ningunha outra maneira. Sempre traballamos coa verdade: o noso sistema de pensións enfrontouse a unha das peores crises da historia de España, o que supuxo o maior descenso na afiliación e, por tanto, no ingreso das cotizacións. Ademais, convive coa extraordinaria nova que supón o incremento da esperanza de vida e co cada vez maior número de pensións e de maior contía.

Estes son los datos reais: o número de pensións pasou de 8,8 millóns en 2011 a 9,5 millóns en 2017. O gasto incrementouse nun 23% e a contía media das pensións aumentou en case un 14%.

Por outro lado, no que ós ingresos se refire o sistema perdeu entre 2007 e 2013 un total de 3 millóns de afiliados. Os Ingresos desplomáronse en 11.000 millóns de euros nun solo exercicio, o 2011. Perdeuse un tempo valioso para actuar e tomar medidas importantes que atisbaran un certo esforzo polo que se aveciñaba.

O actual Goberno tamén incrementou a protección dos traballadores e recolleu todas as necesidades que eran indispensables para salvagardar o sistema da Seguridade Social. Os datos demostran que hoxe en España se pagan máis e mellores pensións mentres os ingresos por cotizacións aumentan.

O Partido Popular fixo fronte ós retos que atopou cando adquiriu as responsabilidades de Goberno. Nesta liña a Comisión Permanente do Pacto de Toledo sigue constituída e continuará enfrontándose ós retos do déficit do sistema, sendo o prioritario cumprir co obxectivo de equidade entre xeracións. Desta forma estaranse protexendo os intereses dos actuais e dos futuros pensionistas, tal e como esixe un sistema público de reparto como o vixente en España.

Intervén o concelleiro portavoz do PSOE Eladio Verdía e di que o certo é que o sistema de pensións non chega

O concelleiro portavoz do BNG di que non acredita que sexa o Pacto de Toledo o lugar onde plantexar o tema das pensións.

Di que tamén as sociedades de riesgo deberían participar pagando mais do 1% que se paga, por exemplo. Sométese en primeiro lugar a votación a enmenda resultando aprobada por 10 votos a favor do PP, 2 en contra do PSOE e 2 abstencións (1 de BNG e 1 de Grupo Mixto)

Xa non se somete a votación a moción

2º moción do BNG presentada o día 22 de setembro de 2017 co nº 5045 de RE. O voceiro do BNG da lectura a moción da que se copia a proposta:

1. Declarar a familia do Ditador e a Fundación Franco non gratas no Concello da Laracha.

2. Adherirse á proposta aprobada polo Pleno da corporación municipal de Sada instando tamén á Xunta de Galiza para que sexa este Concello o encargado das visitas guiadas ao Pazo de Meirás, como garantía de que as persoas visitantes do BIC reciben unha información veraz sobre a historia deste espazo histórico.

3. Facer unha condena pública das declaracións da Fundación Franco nas que expresaba a súa intención de usar as visitas guiadas ao Pazo para facer apoloxía da Ditadura e do Ditador. Instar ao goberno do Estado a facer as modificacións legais precisas para a ilegalización da Fundación Franco.

4. Adherirse e apoiar a iniciativa da “Xunta Pro da Devolución do Pazo de Meirás”, da que forman parte como entidades promotoras a Deputación da Coruña, os Concellos de Sada e A Coruña, a Universidade da Coruña, a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña e a Iniciativa Galega pola Memoria.

5. Instar á Xunta de Galiza á elaboración dunha Lei galega de memoria histórica na que se prohiban, persigan e sancionen os actos de exaltación do franquismo e as entidades que os promovan.

Lida a moción sométese a votación a urxencia.

Resulta aprobada por unanimidade

Iniciado o debate o alcalde en funcións Sr. Martínez Barbeito plantexa a presentación dunha enmenda, que se copia:

En primeiro lugar, o PP rexeita as declaracións feitas pola fundación Francisco Franco nas que proclamou a súa intención, según as súas propias verbas, de “mostrar ao gran público a grandeza da figura de Francisco Franco”. Desde o punto de vista moral e político non compartimos nin ideario nin proceder coa Fundación Francisco Franco. Os seus posicionamentos non favorecen a convivencia democrática.

Tendo en conta isto, no momento no que se teña constancia do hipotético feito da apoloxía do franquismo nas visitas ao Pazo ou de accións contrarias ao marco legal establecido, a Xunta os

denunciará diante dos órganos xudiciais competentes. En todo caso, o que se coñece ata o momento son comunicados de prensa e declaracións a medios de comunicación de ámbito estatal, sendo o Ministerio Fiscal a quen compete dirimir a legalidade destas accións e ilegalizar ou sancionar, de ser o caso.

Sobre o Pazo de Meirás, ao ser un BIC de titularidade privada é obriga dos propietarios abrilo ao público 4 días ao mes e xestionar o seu mantemento. A lei non establece nada ao respecto de que as visitas se xestionen a través dun ou outro tipo de entidade. Neste sentido, a Xunta velará porque sempre se cumpra a lei dentro do seu marco competencial. Cando se detectou un problema na xestión das visitas ao Pazo de Meirás, a Xunta actuou, abriu expediente e multou con 4.500 € á familia Franco. Ademais, a Xunta abriu novas dilixencias informativas ante o anuncio de cancelar as visitas ás Torres de Meirás.

En definitiva, a Xunta cumpre coa lei, como non podería ser doutra maneira nun Estado de Dereito. E dentro deste marco democrático, todas as persoas ou entidades xurídicas deben respectar e cumprir as normas democráticas coas que se dota o estado.

Con respecto á “devolución” do Pazo de Meirás por parte dos actuais propietarios, é preciso non anticiparse e facer un estudo das posibles opcións existentes, xa que na actual situación, o Pazo de Meirás só pode pasar a ser propiedade pública a través da súa compra ou da súa expropiación, e non sería entendido pola sociedade galega que o goberno autonómico utilizara cartos de todos que fosen directamente á familia Franco.

Sen embargo, debido ao valor histórico e cultural das Torres de Meirás e as súas circunstancias, plantexámonos a incorporación das Torres de Meirás ao patrimonio público, sempre respectando a legalidade vixente. Existen diversas formas xurídicas, que habería que estudar, coas que materializar esta operación de cesión ao patrimonio público, para o que só sería necesario a favorable predisposición duns propietarios que, ata o momento e por varias canles, non a teñen manifestado.

Rematada a lectura da enmenda sométese a votación resultando aprobada por 10 votos a favor do PP e 4 votos en contra (2 do PSOE, 1 de BNG e 1 de GM)

3º.- moción do PP

O concelleiro do PP Jesús Souto presenta a seguinte moción de urxencia:

PRIMEIRO: Manifestar o rexeitamento e condena do Pleno do concello da Laracha ás ocupacións ilegais de inmobles e autorizar á Policía Local a colaborar coas autoridades xudiciais no seu desaloxo en defensa do dereito constitucional á propiedade privada.

SEGUNDO: Instar á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que inicie os trámites que permitan mellorar o marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles. Sinaladamente:

a) A modificación do artigo 245 do Código penal co fin de reorientar e adaptar o tipo penal de usurpación á situación actual.

b) A potenciación lexislativa dos xa existentes procedementos por xuízo rápido como procedementos modelo para os delitos de ocupación de inmobles dentro da regulación do artigo 795 da Lei de axuízamento criminal.

c) As modificacións lexislativas necesarias para posibilitar a adopción de medidas cautelares tendentes ao desaloxo de inmobles desde o comezo da instrución sumarial.

TERCEIRO: Instar á Xunta de Galicia á elaboración dun protocolo entre a Delegación do Goberno en Galicia e a Fiscalía Superior a fin de que, no marco do xa vixente artigo 795 da Lei de axuízamento criminal, promova que os delitos relacionados coa ocupación de inmobles sexan obxecto de xuízos rápidos.

CUARTO: Naqueles casos en que os ocupantes sexan familias en risco de exclusión social, o concello da Laracha arbitrará as medidas necesarias para o seu realoxo a través dos distintos programas postos en marcha pola Xunta de Galicia.

Sométese a votación urxencia resultando aprobada por 10 votos a favor do PP e 4 abstencións (2 do PSOE + 1 de BNG +1 de GM)

Votación en relación co fondo: 10 votos a favor do PP e 4 abstencións (2 do PSOE + 1 de BNG +1 de GM)

A continuación o grupo político municipal dos Socialistas de Galicia – PSOE, formula o seguinte ROGO:

9º.- ROGOS E PREGUNTAS

1ª.- Nº REXISTRO 5195/2017.-

Eladio Verdia García, portavoz do grupo político municipal do PSOE, explica que en relación coa utilización dunha grúa – elevador por parte das persoas con discapacidade que están a facer uso do vaso da piscina municipal están a ter certas incomodidades ó ter que utilizar unha silla de rodas para o seu acceso e saída do vaso, polo que solicita que por parte da alcaldía se adopten as medidas oportunas para adquisición dunha grúa – elevador para a piscina municipal.

2º.- Nº REXITRO 5194/2017.-

Eladio Verdia García, portavoz do grupo político municipal do PSOE, explica que na actualidade existe unha soa praza de aparcamento para minusvalidos no entorno da piscina municipal, polo que solicita que por parte de esta alcaldía se adopten as medidas oportunas para a dotación de máis prazas de

estacionamento para as persoas discapacitadas e na medida do posible que ditos estacionamentos estean máis preto da entrada da piscina municipal.

Contéstalle o concelleiro Jesús Souto Pena comunicádolle que existe un novo plan de sinalización e fixaranse novas prazas.

A continuación o grupo político municipal do BNG, formula o seguinte ROGO:

1ª.- Nº REXISTRO 5044/2017.-

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político do BNG, explica que a planta invasora coñecida como “plumacho” ou “herba de pampa”, que abunda polo territorio do noso concello, ten un efecto moi negativo sobre os cultivos, sobre a saúde das persoas con problemas respiratorios, e mesmo tamén na conservación das infraestruturas públicas, polo que solicita que por parte de esta alcaldía se adopten as medidas encamiñadas a erradicación do “plumacho” ou “herba da pampa” no termo municipal da Laracha, a comezar por unha campaña informativa entre a veciñanza que advirta que entrañan tanto esta como outras especies invasoras.

De seguido o grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE formula as seguintes **PREGUNTAS:**

1º.- Nº REXISTRO 5198/2017.-

Eladio Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia – PSOE, en relación coa implantación dun movemento orixinario dos Estados Unidos chamados Shoefiti en algúns lugares da Laracha (Estramil, Cillobre,...) que consiste en colgar zapatillas nos cables eléctricos e que significa ou ven puntos de venda de droga, ou tamén outra das hipóteses é que son códigos que utilizan as bandas para delimitar o seu territorio. Dende o grupo municipal socialista cremos que isto pode ser rapazadas, si ben consideramos oportuno que se retiren. ¿Qué accións pensa tomar o goberno a este respecto?

Contéstalle o alcalde en funcións que cre que é unha rapazada pero en todo caso que está retirado

2º.- N° REXISTRO 5197/2017.-

Eladio Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia – PSOE, en relación coa estrada C-552 temos o único semáforo do Concello que na actualidade non ten ningún tipo de función, xa que estes semáforos o que pretendían era regular a velocidade o poñerse en vermello cando os vehículos excedían a súa velocidade. Pola contra vemos como nas dúas interseccións principais das travesías dos núcleos da Laracha e Paiosaco non existen semáforos que regulen a circulación sendo estes moi necesarios en horas puntas. ¿Ten pensado o goberno local a instalación de semáforos en estas travesías, e de ser así, que prazo previsto teñen para a súa instalación?

Contéstalle o alcalde en funcións que cre que os técnicos de carreteras non consideran adecuado poñelo

3º.- N° REXISTRO 5196/2017.-

Eladio Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia – PSOE, en relación a Ley 52/2007, de 26 de diciembre, pola que se recoñecen é amplían dereitos e se establecen medidas en favor daqueles que padeceron a persecución ou a violencia durante a guerra civil e a ditadura vai cumprir dez anos da súa publicación. A día de hoxe vemos como no Concello da Laracha non se cumpre. Temos placas de rúas que honran a Carrero Blanco en Caión por exemplo. O goberno, insiste constantemente en que as leis están para cumprilas, pero vemos como lle piden os cataláns que respeten a lei, mentres eles levan case dez anos sin cumprir a lei de memoria histórica. ¿Por qué non están retiradas as placas das rúas en Caión co nome de Carrero Blanco e para cando teñen pensado cumprir a lei de memoria histórica?

Contéstalle o alcalde en funcións que pouco a pouco iranse colocando todas as placas

De seguido o grupo político municipal do BNG formula as seguintes **PREGUNTAS:**

1º.- REXISTRO 5043/2017.-

Xoan Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo municipal do BNG, en relación co lugar da Tabeira parroquia de Golmar, hai un camiño público-inventariado co número 5031.1 no inventario municipal que ten un tramo no mesmo pechado e inaccesible de xeito que non permite o acceso a unha vivenda. Entendemos que desde o goberno municipal se deben adoptar medidas para garantir que todos camiños públicos sexan accesibles, e polo tanto debera ser así neste caso. Adoptou o ten previsto adoptar o goberno municipal medida para garantir a apertura e plena accesibilidade do camiño público inventariado co número 5034.1, no lugar da Tabeira parroquia de Golmar?

2º.- REXISTRO 5042/2017.-

Xoan Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo municipal do BNG, en relación a Conta Xeral do pasado exercicio 2016 durante o periodo de exposición pública, atopamos unha orde de pago de facturas á empresa subministradora Hidroelectrica Laracha por valor de 1.012,59 euros en concepto de “acometidas para edificio Museo Casa Reitoral de Golmar”, con data de febreiro de 2016. No seu momento, cando se realizou a obra de musealización da Reitoral con fondos do Plan de Dinamización Turística da Costa da Morte, a mesma empresa fora contratada polo concello para executar a obra da subministración eléctrica para este mesmo edificio, e pola que se lle pagou unha factura de máis de 48.000 euros, obra que nunca se chegou a executar como así quedou demostrado a raíz dunha denuncia da Fiscalía Provincial contra o Alcalde da Laracha, denuncia pola que o Xulgado de Instrucción nº 3 de Carballo chegou a instruir dilixencias previas, polo que formula as seguintes preguntas: En qué consistiu concretamente a actuación pola que se pagaron 1.012,59 euros a Hidroelectrica Laracha en febreiro do pasado ano 2016? Funciona agora de xeito correcto a instalación eléctrica do Museo de Interpretación dos Muiños de Golmar? Comprobou agora o goberno municipal que as obras polas que pagou os 1.012,59 euros foron efectivamente realizadas?

Contéstalle o alcalde accidental que son os dereitos de acometida

E sendo as 14:45 h dase por rematada a sesión